



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2022/5	O Pleno

#### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	29 de setembro de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 19:30 ata as 22:25 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Marisol Morandeira Morandeira
<b>Secretario</b>	Pablo Portela Fernández

#### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ





## Concello de Guitiriz

33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación da acta da sesión anterior.

**Favorable** Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Por unanimidade dos seus asistentes, o pleno procedeu a aprobar a acta da sesión plenaria de data 28 de xullo de 2022.

#### Expediente 628/2022. Solicitud de Bonificación ou Exención dun Tributo (ICIO)

**Favorable** Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

**<< RECOÑECEMENTO DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO). DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS OU OBRAS. Expte: 628/2022. 734/2022. 736/2022**

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

**Primeiro.** Solicitud de Antonio Paderne Díaz de bonificación no ICIO para obras dun silo forraxeiro e un solado de formigón para servir de apoio a explotación gandeira e mellorar as condicións ambientais o evitar vertidos.

Declaración de autoliquidación de exaccións urbanísticas co seguinte desglose:

OBRIGADO AO PAGO	TRIBUTO	BASE IMPOÑIBLE (OEM)	TIPO DE GRAVAME	COTA TRIBUTARIA (OEM)
ANTONIO PADERNE DÍAZ	Taxa actuacións Urbanísticas	11.353,46	0,12% (mínimo 30,00 €)	30,00





## Concello de Guitiriz

NIF: 33312698G				
	ICIO	11.353,46	2,2%	249,78
			<b>TOTAL</b>	<b>279,78</b>

**Segundo.** Solicitud de Antonio Paderne Díaz de bonificación no ICIO para as obras de ampliación de explotación de vacún de leite: construción de silos forraxeiros e sollado de formigón

Declaración de autoliquidación de exaccións urbanísticas co seguinte desglose:

OBRIGADO AO PAGO	TRIBUTO	BASE IMPOÑIBLE (OEM)	TIPO DE GRAVAME	COTA TRIBUTARIA (OEM)
ANTONIO PADERNE DÍAZ NIF: 33312698G	Taxa por Licencias Urbanísticas	39.526,34	0,12% (mínimo 30,00 €)	47,43
	ICIO	39.526,34	2,2%	869,58
			<b>TOTAL</b>	<b>917,01</b>

**Terceiro.** Solicitud de Eduardo Sanjurjo Santamariña de bonificación no ICIO para obras de Cubrición de Fosa de purín existente, en el lugar de Viladonega, parroquia de Mariz

Declaración de autoliquidación de exaccións urbanísticas co seguinte desglose:

OBRIGADO AO PAGO	TRIBUTO	BASE IMPOÑIBLE (OEM)	TIPO DE GRAVAME	COTA TRIBUTARIA (OEM)
SAT VIRGEN DE FATIMA 1301 XUGA CIF: V27326214	Taxa por Licenzas Urbanísticas	41.112,96	0,12% (mínimo 30,00 €)	49,34
	ICIO		2,2%	
			<b>TOTAL</b>	<b>49,34</b>

**Cuarto.** Solicitud de Carlos Rodríguez Lodeiro de bonificación no ICIO para obras de ampliación de establo de vacún de leite e fosa de purín, no lugar de O Castro -, parroquia de Sta. Cruz de Parga





## Concello de Guitiriz

Declaración de autoliquidación de exaccións urbanísticas co seguinte desglose:

OBRIGADO AO PAGO	TRIBUTO	BASE IMPONIBLE (OEM)	TIPO DE GRAVAME	COTA TRIBUTARIA (OEM)
CARLOS RODRÍGUEZ LODEIRO NIF: 33538748X	Taxa por Licencias Urbanísticas	146.908,79	0,12% (mínimo 30,00 €)	176,29
	ICIO	146.908,79	2,2%	3.231,99
			<b>TOTAL</b>	<b>3.408,28</b>

Vistos os informes proposta da tesourería no senso de informar favorablemente os expedientes de recoñecemento da bonificación do a bonificación do 50% na cota do Imposto sobre construción, instalacións e obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de dito imposto e a súa modificación aprobada en sesión plenaria de data 25/03/2021 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 122, de data 1 de xuño de 2021, amparada polo artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Vistos os informes favorables da intervención municipal dos expedientes de recoñecemento da bonificación do 50% na cota do Imposto sobre construción, instalacións e obras.

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente: os Artigos 23 e 101 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo e o Artigo 6 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, modificado na sesión plenaria de data 25/03/2021 e publicada no BOP número 122 de data 01/06/2021.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a competencia municipal na materia atribuída polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións concedidas ao Pleno polo artigo 22.2 da LBRL.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus asistentes acordou:

**PRIMEIRO.-** Conceder a “Antonio Paderne Díaz”, con DNI: 33.312698 G, unha bonificación do 50% na cota do imposto municipal de construcións, instalación e





## Concello de Guitiriz

obras(ICIO) solicitada de acordo co artigo 6 da ordenanza fiscal municipal do ICIO, por concorrer circunstancias sociais para declarar a obra de enfoscado de parede de corte (91,20 m<sup>2</sup>) e soleira de acceso en Explotación existente, polo que a cota a abonar do ICIO (calculada co orzamento de execución material segundo módulos básicos (OEMB) 11.353,46 euros) será de 249,78 , quedando suxeita á liquidación definitiva que resulte da finalización das obras.

O importe da bonificación (50%) será de 124,89€.

**SEGUNDO** .- Conceder a “ Antonio Paderne Díaz”, con DNI: 33.312698 G, unha bonificación do 50% na cota do imposto municipal de construcións, instalación e obras(ICIO) solicitada de acordo co artigo 6 da ordenanza fiscal municipal do ICIO, por concorrer circunstancias sociais para declarar a obra para ampliación de explotación de vacún de leite: construción de silos forraxeiros e sollado de formigón., polo que a cota a abonar do ICIO (calculada co orzamento de execución material segundo módulos básicos (OEMB) 39.526,34 euros) será de 869,58 quedando suxeita á liquidación definitiva que resulte da finalización das obras.

O importe da bonificación (50%) será de 434,79 €.

**TERCEIRO**.- Conceder a “ Eduardo Sanjurjo Santamariña ”, con DNI: 76.573.678 P, unha bonificación do 50% na cota do imposto municipal de construcións, instalación e obras(ICIO) solicitada de acordo co artigo 6 da ordenanza fiscal municipal do ICIO, por concorrer circunstancias sociais para declarar a obra para ampliación de explotación de vacún de leite: ampliación de explotación de vacún de leite – cubrición de fosa de zurro existente., polo que a cota a abonar do ICIO (calculada co orzamento de execución material segundo módulos básicos (OEMB) 146.019,67 euros) será de 3.212,43 , quedando suxeita á liquidación definitiva que resulte da finalización das obras.

O importe da bonificación (50%) será de 1.606,22€.

**CUARTO**.- Conceder a “ Carlos Rodríguez Lodeiro ”, con DNI: 33.538.748 X, unha bonificación do 50% na cota do imposto municipal de construcións, instalación e obras(ICIO) solicitada de acordo co artigo 6 da ordenanza fiscal municipal do ICIO, por concorrer circunstancias sociais para declarar a obra para ampliación de explotación de vacún de leite: ampliación de establo de vacún de leite e fosa de purín, polo que a cota a abonar do ICIO (calculada co orzamento de execución material (OEMP) 146.908,79 euros) será de 3.231,99 , quedando suxeita á liquidación definitiva que resulte da finalización das obras.

O importe da bonificación (50%) será de 1.616,00€.

**CUARTO**. Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Aberto o debate pola Sra. alcaldesa o voceiro do PP di que o 1 de xuño de 2021 publicouse o acordo definitivo da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO modificado no seu artigo 6 titulado “bonificacións potestativas”





## Concello de Guitiriz

No artigo 103 da Lei reguladora de Facendas Locais establecéronse as seguintes bonificacións na cota do imposto cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Razóns de interese especial ou de utilidade pública municipal substanciais:

a.1) Circunstancias sociais. Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins, a bonificación poderá ser ata o 90% da cota do imposto.

b) Aspectos formais xenéricos:

Os informes favorables de intervención municipal dos expedientes de recoñecemento da bonificación do 50% na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO)

Visto todo isto pasamos ao recoñecemento das bonificacións do ICIO que se lles concede a:

Don Antonio Paderne Díaz para ampliación de explotación de vacún na construción dun silo forraxeiro e un solado de formigón para servir de apoio a súa explotación gandeira e mellorar as condicións ambientais e evitar os verquidos, o importe sería de 249,78 € e coa bonificación quedalle en 124,89 €

Esta mesma persoa tamén ten unha bonificación do ICIO do 50% para as obras de explotación de vacún de leite, construción de silos forraxeiros e solado de formigón cuxo importe sería 865,52 € e coa bonificación do 50% o que ten que pagar quedalle en 434,79 €.

Don Eduardo Sanjurjo Santamariña para ampliación da cubrición da fosa de xurro existente cuxa bonificación do ICIO é do 50%, o importe é de 3.212,43 €, quedándolle a pagar 1.606,22 €.

Don Carlos Rodríguez Lodeiro fai unha obra para ampliación de establo e fosa de xurro, cuxo importe é de 3.231,99 € e concedéselle unha bonificación do 50% do ICIO quedándolle a pagar 1.616 €.

Vistos todos os informe e sobre todo o informe favorable de intervención municipal estamos de acordo con esas bonificacións no ICIO.

O voceiro do BNG di que estamos diante de tres expedientes os cales teñen unha bonificación do 50% do ICIO cada un por tratarse de obras de silo forraxeiro o cal se lle vai facer un solado de formigón e mellorar as condicións ambientais e evitar vertidos. Outro de ampliación da explotación na que vai construír silos forraxeiros e tamén sollado de formigón. Outro para obras de cubrición da fosa de xurro na parroquia de Mariz e xa por ultimo obras de ampliación de establo de vacún e fosa de xurro na parroquia de Santa Cruz de Parga.

Todas elas van estar bonificadas nun 50% na cota do ICIO porque así o recolle a ordenanza municipal aprobada neste Pleno o 25 de marzo de 2021 que no seu artigo 6 di que serán bonificadas todas obras do concello que nelas concorran circunstancias sociais, como é neste caso, é serán bonificadas co 50% do ICIO.

Estamos totalmente de acordo neste punto e ademais é lóxico que teñan estas bonificacións porque son eles os que manteñen a actividade e a economía no noso





## Concello de Guitiriz

rural polo que ademais de lóxico é beneficioso para todo o concello.

A Sra. Alcaldesa di que estas bonificacións lévanse a cabo en virtude da modificación da ordenanza correspondente proposta por este equipo de goberno e neste acto damos cumprimento a mesma.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.**

### Expediente 831/2022. Solicitud de Bonificación ou Exención dun Tributo (ICIO)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

#### << RECOÑECEMENTO DE BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO). DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERÉS OU UTILIDADE MUNICIPAL DAS CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS. Expte: 831/2022

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

**Primeiro.** Solicitud de Michael Calvo González en representación de Avicola Vitorio Calvo SC de bonificación no ICIO para obras de construción de explotación avícola de carne, nave avícola, esterqueira e almacén.

Declaración de autoliquidación de exaccións urbanísticas co seguinte desglose:

OBRIGADO AO PAGO	TRIBUTO	BASE IMPOÑIBLE (OEM)	TIPO DE GRAVAME	COTA TRIBUTARIA (OEM)
AVICOLA VITORIO CALVO SC CIF: J27517606	Taxa por Licenzas Urbanísticas		0,12% (mínimo 30,00 €)	541,32
	ICIO		2,2%	
			TOTAL	541,32

Vistos os informes proposta da tesourería no senso de informar favorablemente os expedientes de recoñecemento da bonificación do a bonificación do 50% na cota do Imposto sobre construción, instalación e obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de dito imposto e a súa modificación aprobada en sesión plenaria de data 25/03/2021 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número





## Concello de Guitiriz

122, de data 1 de xuño de 2021, amparada polo artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Vistos os informes favorables da intervención municipal dos expedientes de recoñecemento da bonificación do 50% na cota do Imposto sobre construción, instalacións e obras.

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente: os Artigos 23 e 101 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo e o Artigo 6 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, modificado na sesión plenaria de data 25/03/2021 e publicada no BOP número 122 de data 01/06/2021.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a competencia municipal na materia atribuída polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións concedidas ao Pleno polo artigo 22.2 da LBRL.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus asistentes acordou:

**PRIMEIRO.-** Conceder a Michael Calvo González con DNI: 34280424 en representación de "Avicola Vitorio Calvo SC", con CIF: J27517606, unha bonificación do 50% na cota do imposto municipal de construcións, instalación e obras (ICIO) solicitada de acordo co artigo 6 da ordenanza fiscal municipal do ICIO, por concorrer circunstancias sociais para declarar a obra de construción de explotación avícola de carne, nave avícola, esterqueira e almacén, polo que a cota a abonar do ICIO (calculada co orzamento de execución material segundo módulos básicos (OEMB) 548.318,70 euros) será de 12.063,01, quedando suxeita á liquidación definitiva que resulte da finalización das obras.

O importe da bonificación (50%) será de 6.031,51€.

**SEGUNDO.** Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que vistos os informes favorables de tesourería e intervención para o recoñecemento da bonificación do 50% do ICIO para construción de explotación avícola de carne: nave avícola, esterqueira e almacén de Vitorio Calvo S.C. cun importe de 12.062,01 € coa bonificación do ICIO do 50% quedalle a pagar 6.031,51 €, ademais estas sociedades cooperativas no mundo rural son moi importantes porque é unha forma de organización social integrada por persoas físicas con base en intereses comúns e nos principios de solidariedade, esforzo propio e axuda mutua.







## Concello de Guitiriz

O voceiro do BNG di que están de acordo con esta bonificación do 50% do ICIO nesta explotación avícola de carne, esterqueira e almacén no Buriz por estar recollida na ordenanza municipal da que falabamos antes e como dixemos anteriormente concorren circunstancias sociais.

Vemos que pouco a pouco estase a mover actividade no noso concello e isto é sempre bo, tanto para os promotores como para toda a veciñanza de Guitiriz.

Aplaudimos as iniciativas dos nosos veciños/as.

A Sra. Alcaldesa di que eles alégranse por estas iniciativas e de poder axudar na medida das súas posibilidades con estas bonificacións reguladas na ordenanza.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.**

### Expediente 837/2022. Modificación orzamentaria de suplemento de crédito 3/2022.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

### << MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/2022. EXPEDIENTE Nº 837/2022

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en suplemento de crédito por importe de 35.139,02 € derivado da necesidade de facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria ou a mesma é insuficiente, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de maiores ingresos sobre os totais previstos no orzamento xeral do 2022.

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 10 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

O Pleno da Corporación, cos votos favorables do PSOE e coa abstención dos grupos PP e BNG, acordou o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en suplemento de crédito 3/2022 polo importe total de 35.139,02 €





## Concello de Guitiriz

con maiores ingresos sobre os totais previsto no orzamento xeral para o ano 2022 conforme ao detalle de aplicacións e gastos e ingresos que se indican de seguido:

CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
PRESTACION SERVICIOS EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	3406,89	326 22799
SUMINISTROS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS	3.033,41	341 22199
PRESTACIÓN DE SERVICIOS EN INSTALACIONES DE TRATAMIENTO DE AUGAS	1.270,50	161 22799
PRESTACION DE SERVICIOS DEPORTIVOS E DE OCIO	12.037,61	341 22799
SUMINISTRO PRODUCTOS INSTALACIONES TRATAMIENTO DE AUGAS	6.251,83	161 22199
SUMINISTRO PRODUCTOS TRATAMIENTO AUGA PISCINAS MUNICIPAIS	798,60	342 22199
VESTUARIO LABORAL TRABALLADORES	185,02	136 22104
SUMINISTRO MATERIAL OFICINAS	1.129,66	920 22199
SERVIZO PROMOCION CULTURAL	300,00	334 22799
SERVIZO REPARACIÓN MAQUINARIA	1.669,55	450 21300
SERVIZO REDACCION DE PROXECTOS	4.813,95	150 22706
<b>TOTAL</b>	<b>35.139,02€</b>	

### INGRESOS.

APLICACION	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
32100	Taxa por licenzas urbanísticas	6.197,11
29000	Imposto sobre construcións, instalacións e obras	25.451,81
34300	Taxa por escolas deportivas	3.490,10
		35.139,02 €





## Concello de Guitiriz

**SEGUNDO.** De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

**TERCEIRO.-** O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que o suplemento de crédito por importe de 35.139,02 € é para facer fronte a determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria.

Vostede baséase no artigo 26 da Lei de bases de réxime local e di que non pode demorar a execución dos gastos para os que se dota o suplemento de crédito para cubrir determinadas subministracións imprescindibles para o desenvolvemento dos servizos públicos, como son o abastecemento de auga potable, mantemento de instalacións deportivas e actividades de esparcemento.

Vostede fixo unha previsión de 62.000 € en diversos impostos como son, imposto de construción, licenzas urbanísticas, servizos deportivos e resulta que o ICIO pasou de 45.000 € a 105.000 €, quedando así unha diferenza positiva para o concello de 60.000 €, as licenzas urbanísticas pasaron de 7.000 € a 13.451,62 cunha diferenza positiva de 6.451,62 € e os servizos deportivos pasaron dunha previsión inicial de 10.000 € a 13.490,10 cunha diferenza positiva de 3.490,10 €. Todo isto supón un incremento dos ingresos nas arcas municipais de 70.393,63 €.

Nesta modificación fala de 3.406,89 para prestación de servizos en instalacións municipais; 3.033,41 para subministro para actividades deportivas; 1.270,50 para prestación de servizos en instalacións de tratamento de auga, 12.037,61 para prestacións de servizos deportivos e ocio; 6.251,83 para subministro produtos instalacións tratamento de auga; 798,60 para subministro produtos tratamento auga piscinas municipais; 185,02 para vestiario laboral traballadores; 1.129,66 para subministro material de oficina; 300,00 servizo promoción cultural; 1.669,55 para servizo reparación maquinaria; 4.813,95 para servizo para redacción de proxectos.

Sinala a Sra. Interventora que por prudencia e mantemento dunha certa disciplina fiscal seguindo unha senda moderada de crecemento do gasto e procurando situar os orzamentos e a súa liquidación en equilibrio.

O voceiro do BNG di que todo o que propoñen nesta modificación orzamentaria non ia nos orzamentos aprobados a finais de decembro. Propoñen unha modificación por suplemento de crédito por 35.139,02 € dos cales 12.037,61 son para servizos deportivos e ocio, esta claro que non son servizos públicos esenciais como consta na memoria.

É verdade que subiu todo pola actual crise económica que provocou un incremento dos prezos dos subministros e que non nos queda outra que afrontalo, pero tamén é verdade





## Concello de Guitiriz

que dende o Goberno Estatal incrementaron o gasto en armas no Ministerio de Defensa e no envío de armas a Ucraia en detrimento de facer unha compensación económica aos concellos para afrontar esta suba de prezos que aínda non rematou e vai deixar a moitas familias en situación de pobreza aquí en Galiza. Non sei si saben que preto de setecentas mil familias galegas o están a pasar moi mal, e a solución do Goberno Estatal e aumentar o gasto militar e a Xunta reduce o fisco as persoas que mais teñen.

Destes 35.139 euros que propoñen de gasto, 18.776 son de deportes e ocio, 8.319 son para servizos en instalacións de tratamento de auga, non se entende moi ben este gasto que se esta a facer tendo en conta o resultado da auga que temos na traída, tamén hai 1.669 euros para reparación de maquinaria pero non creo que chegue para reparar todas as que hai arrinconadas na nave do Senpa e por ultimo 4.813 euros para redacción de proxectos esperamos que sexan produtivos para o concello.

A Sra. Alcaldesa di que cando elaboraron estes presupostos foron especialmente prudentes e cautos coa previsión dos ingresos precisamente para non prexudicar a economía do concello e agora é o equipo de goberno o que decide como e a que partidas se destinan estes ingresos extraordinarios que temos a maiores este ano e que non estaban previstos inicialmente.

O voceiro do PP di que teñen a maioría e poden facer o que queiran pero a nós parécenos que hai partidas que son moi necesarias, pero algún deses gastos, como por exemplo ocio, non son tan necesarios cando hai familias que o están a pasar mal.

O voceiro do BNG di que levan tres anos e medio e non se nota nada no concello os proxectos que di que fixeron para os servizos públicos. Nós consideramos que eses gastos non son esenciais.

A Sra. Alcaldesa di que estes gastos non van en detrimento de ningunha outra partida, os gastos destinados a benestar social non se minoran en ningún caso, o único que estamos a facer e destinar a esas partidas os ingresos obtidos a maiores.

**Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e abstencións do PP e BNG.**





## Concello de Guitiriz

### Expediente 663/2022. Ratificación festivos locais ano 2023 do Concello de Guitiriz

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

#### << Ratificación días festivos locais para o ano 2023 do Concello de Guitiriz. Expte: 663/2022.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

Escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia con data entrada 26/07/2021 e RE nº 2873, no que solicitan que se notifique a devandita Xefatura Territorial, como data limite o 1 de setembro de 2022, os dous días que se fixan como festas locais deste termo municipal para o vindeiro ano 2023 así como a denominación da festividade que se celebra, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e os artigos 45 e 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo.

Resolución da alcaldía nº 2022-0684 de data 30/08/2022 onde se acorda:

<< (...)

PRIMEIRO.- Designar como días de festa local para o ano 2023, de carácter retribuído e non recuperable, os seguintes dous días:

1º. Martes 21 de febreiro (martes de Entroido).

2º. Sabado 24 de xuño (San Xoán)

SEGUNDO.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da Corporación na sesión plenaria correspondente. >>

Ao abeiro do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución que lle conceden ao alcalde e ao Pleno o artigo 22.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e normativa concordante.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus asistentes acordou:

PRIMEIRO.- Ratificar como días de festa local para o ano 2023, de carácter retribuído e non recuperable, os seguintes dous días:

1º. Martes 21 de febreiro (martes de Entroido).

2º. Sabado 24 de xuño (San Xoán)





## Concello de Guitiriz

SEGUNDO.- Notificarlle o presente acordo ao departamento correspondente da Xunta de Galicia e comunicarllo ás persoas e aos servizos municipais afectados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que eles están de acordo cos dous días que se propoñen.

O voceiro do BNG di que eles tamén están de acordo.

**Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.**

### Expediente 828/2022. Moción BNG sobre a auga do Concello

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O voceiro do BNG da lectura a moción:

#### << **MOCIÓN SOBRE A AUGA DO CONCELLO**

Exposición de motivos:

Estamos no ano 2022 e seguimos a falar e a sufrir o mal estado da auga da traída de Guitiriz. Estamos a falar da principal rede de augas de traída de todo o Concello. Promesas, mais promesas, pero a verdade e que non melloramos neste servizo público que ofrece o Concello a todos os cidadáns que vivimos no casco urbano de Guitiriz.

O BNG de Guitiriz presentaba unha moción referente a auga da traída de Parga e Guitiriz en outubro de 2018, daquela a alcaldesa Regina Polín ate lle botaba a culpa aos veciños de Parga por ter pozos particulares conectados a rede de augas, e aos de Guitiriz nos dicía que a cor marrón da auga era culpa do ferro que tiñan estas augas, cando está demostrado que a auga ferrosa non lle da ningunha cor a auga, o único que lle fai o ferro a auga , e non e malo, e o sabor peculiar que temos nesta auga en Guitiriz, e non precisamente a cor.

Pasaron os anos con promesas de melloras tanto na traída de Parga, como especialmente na de Guitiriz, pero as melloras non chegan. Este verán volveu a saír a auga da traída amarela e iso que nos prometeron melloras tanto na potabilizadora como nos depósitos da auga.

As veciñas e veciños séguense queixando do mal estado da auga tanto para o consumo persoal como para o uso doméstico. As persoas que usamos esta auga xa estamos acostumados a non usala para beber nin para cociñar, pero sí para lavar a roupa, pero hai veces que hai que facer varios lavados para que sobre todo a roupa branca quede limpa.

Os que aquí vivimos xa o tomamos como normal, e estamos acostumados a esta auga, dende o goberno do Concello, e xa levan tres anos e pico, ata o de agora foron incapaces de xestionar como e debido o problema da auga.

En Parga seguen igual que hai cinco anos, a auga da traídas segue saíndo como lle





## Concello de Guitiriz

cadra, uns días ben pero a maioría mal.

Episodios de seca prolongada como o vivido este ano, poden chegar a ser mais frecuentes nos vindeiros anos coma consecuencia directa do cambio climático e o Concello de Guitiriz debe estar preparado para evitar problemas de desabastecemento como os que sufriron múltiples concellos do noso país. Para isto é preciso coñecer o estado das redes de abastecemento e minimizar na medida do posible as perdas de auga nas traídas.

Por outra banda, dende o Concello séguense promocionando rutas o carón dos ríos, a ruta da auga, a ruta da auga e da pedra, a ruta do río Requeixo, poñendo en valor a auga, cando sabemos que os puntos de contaminación que había hai cinco anos seguen sen eliminarse e seguen contaminando os nosos ríos.

Tamén nos preocupa o estado das canalizacións da auga, xa que levan moitos anos funcionando e como saberán vostedes os materiais con que se facían as canalizacións das traídas e de saneamento non eran os de agora, non se está facer nada para ir recambiando estas canalizacións para mellorar sobre todo as perdas de auga que dentro de uns anos se as secas van a mais se van a notar moito na reserva de abastecemento.

Por último, hai dous anos aprobouse no Pleno municipal a ordenanza do servizo de saneamento e depuración de augas residuais e rede de sumidoiros, pero segue todo igual. Que se fixo para eliminar os pozos negros que temos en Guitiriz?

Dende o BNG daquela xa comentabamos que de pouco valía aprobar unha ordenanza se non se intentaba levar a cabo. Estamos igual que hai dous anos, iso sí temos unha ordenanza publicada.

O Pleno da Corporación, cos votos favorables dos grupos PP e BNG e cos votos en contra do PSOE, non acadou a maioría necesaria para a aprobación dos seguintes acordos:

1. O Concello mellorará a xestión das estacións de bombeo do saneamento dos Sete Muiños e do Forxá para evitar os vertidos que estas estacións seguen facendo ao río.
2. O Concello iniciará canto antes unha auditoría co obxecto de cuantificaren as perdas de auga nas nosas instalacións de abastecemento. Asimesmo, aprobará de xeito inmediato un plan de actuacións para minimizar as perdas tal e como marca a Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, na súa disposición adicional segunda.
3. O Concello iniciará un estudo dos alcantarillados de todas as casas dos cascos urbanos de Parga e Guitiriz, para que todas as casas e vivendas estén conectadas a rede de saneamento, e así acabar cos pozos negros. >>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que a estación de bombeo debería de funcionar perfectamente xa que se fixo un investimento de gran contía económica pero ten que haber xente preparada no propio concello no manexo destas máquinas e que se pode automatizar o seu funcionamento.

Pensamos que a terceira pregunta que expón o concelleiro do BNG debería ser a segunda porque mentres non se saiba cantas casas están conectadas as redes de sumidoiro e saneamento pensamos que non se pode facer unha auditoría e polo tanto sería necesario facer un inventario de casas e negocios que non teñen auga da traída municipal e que non formen parte da rede de sumidoiros municipal. Unha vez que se





## Concello de Guitiriz

saiba iso facer unha auditoría para cuantificar as perdas da auga como ben sinala vostede.

A Sra. Alcaldesa di que é verdade que a auga neste concello leva dando problemas fai tempo e que isto non están solucionados cen por cen pero esa catástrofe que vostede presenta en relación coa auga non é tal a día de hoxe porque fixemos moitas actuacións para conseguir que a auga deixara de dar os problemas que estaba dando. No ano 2019 tivemos que prohibir o seu consumo porque as analíticas non permitían o mesmo e tivemos que bonificar esos dous trimestres.

No ano 2020 e 2021 en ningún momento as analíticas fixeron que tiveramos que prohibir o consumo da auga no casco urbano de Guitiriz, e isto é debido a que se fixeron moitas actuacións para conseguir que a auga deixara de dar os problemas que estaba dando e así poder consumila por estar dentro dos parámetros para o consumo. Pode que ao longo destes dous ou tres últimos meses houbera algún problema puntual porque a obra aínda non esta recepcionada e se esta axustando aos novos equipos pero a realidade é que nestes últimos anos a Consellería de Sanidade non nos requiriu polas analíticas da auga, cousa que si pasaba anteriormente o cal quere dicir que as actuacións que se fixeron si funcionan e cando este rematada a obra da potabilizadora seguramente quedaran atrás eses problemas que anteriormente eran habituais.

O voceiro do BNG di que é verdade que algo se mellorou na traída de Guitiriz pero a auga de Guitiriz é algo mais que iso polo que propon: que o concello mellore a xestión da estación de bombeo do saneamento para evitar os vertidos ao río e que o concello inicie canto antes unha auditoría porque así o sinala unha lei.

Teríamos que ter en conta que a auga debería ser considerada como o mellor ben que temos e mais neste concello que estamos rodeados de fontes e mananciais e deberíamos coidar e manter estes mananciais que nun futuro van estar consideramos como un ben de luxo.

Si falamos da contaminación e dos colectores de saneamento seguimos igual que fai moitos anos atrás e sigue habendo vertidos ao río.

En canto ao tema da ordenanza que se aprobou fai dous anos xa era sabido que non se ía levar a cabo porque hai moitas casas que teñen pozos negros.

En canto a lei 9/2019 do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, neste concello non se fixo nada, polo menos para saber que cantidade de auga de traída se perde.

O voceiro do PP di que en canto aos vertidos ao río estamos totalmente de acordo.

A auga ferruginosa é debido a que neste concello hai moito mineral de ferro pero esa auga non é mala, de feito é moi boa para certas cousas e vale para cociñar e beber perfectamente, pero si que é certo que cando se usa para lavar mancha a roupa.

A cor da auga ferruginosa pódese diminuír por decantación.

Nós non estamos en contra do que vostede expón nesta moción pero consideramos que antes de facer unha auditoría da auga habería que facer un inventario das casas que teñen auga e rede de sumidoiro e das que teñen pozos negros que se estean utilizando.

A Sra. Alcaldesa di que non podo compartir a exposición de motivos desta moción







## Concello de Guitiriz

posto que tal como esta exposta parece que estamos igual que fai catro anos cando iso non é certo no referente a auga de Guitiriz.

As melloras que se fixeron na potabilizadora de Guitiriz, ademais da obra que se esta a facer, que aínda non esta rematada, renovouse a antiga rede de circunvalación do encoro de San Xoan conseguindo traer auga directamente dende as captacións sen ter que pasar polo pantano, conseguindo así eliminar gran parte do ferro que tiña a auga habitualmente.

E verdade que en Parga non se estivo a traballar como se fixo en Guitiriz pero recentemente púxose un equipo de cloración e contratouse o seu seguimento e mantemento a unha empresa especializada para empezar a valorar cales son as actuacións máis necesarias e conseguir financiación para facelas.

Fanse as analíticas correspondentes que marca a lei na saída das dúas depuradoras e non hai ningún requirimento respecto a isto.

Fíxose a obra do desarenador e instalación dunha bomba nova na estación de bombeo de Forxa

Na depuradora de Guitiriz aprobouse o convenio coa Confederación para facerse cargo dos defectos que quedaron na obra anterior.

Melloras contratadas directamente polo concello: reparación do rototamiz da entrada e da culler bivalva para retirar as areas, reparación na bomba de fangos, cambiouse unha soplante, reparouse a bomba somerxible, reparouse o decantador central, cambiáronse os equipos desarenador desengrasador, reparouse a bomba de entrada de auga bruta, fixéronse cambios en tramos da rede de saneamento para ir cambiándoa con materiais adecuados (en Guitiriz na rúa Rio Forxa, rúa Das Lagoas, rúa Xermolos, rúa do Voluntariado, en Parga na Ponte de Parga e na rúa Paralela a Estación).

Neste convenio que temos coa Confederación están valorando cambiar o colector que vai dende o colexio ata a depuradora.

Temos solicitado unha subvención para auditar toda a rede de saneamento.

Enviamos un escrito a Confederación Hidrográfica para que nos indique que máis se pode mellorar na estación de depuración.

Limpouse a depuradora de Parga.

Fixemos un programa piloto nun barrio de Lagostelle cunha instalación de contadores intelixentes que ademais detectan fugas, estamos na procura de financiación para poder facer este cambio en todo o casco urbano de Lagostelle.

O voceiro do BNG di que escoitándoa parece que estamos noutro concello, pero o que esta claro é que temos un problema coa auga e seguimos vertendo ao río. O que falta é mantemento mais regular, non unha vez o ano sinon todas as semanas.

Repito que eu o que propono é mellorar a xestión das estacións de bombeo, facer unha auditoría e facer un estudo da rede saneamento para saber cantos pozos negros seguen existindo polo que sinon votan a favor deste moción entendo que todo o que esta dicir non é verdade.

A Sra. Alcaldesa di que con esta exposición de motivos non imos votar a favor porque se están dedicando moitos recursos económicos e moito esforzo para conseguir mellorar a auga da traída municipal.





## Concello de Guitiriz

**Sometido o asunto a votación e rexeitada cos votos en contra do PSOE e a favor do PP e BNG.**

**Expediente 832/2022. Moción PP sobre a auga do Concello**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O voceiro do PP da lectura a moción:

### **<< Moción sobre a auga do Concello**

Exposición de motivos:

No concello de Guitiriz se fixo un investimento de case 415.000 euros para mellorar o proceso completo de tratamento da auga, dos seus equipos e tamén do acondicionamento da planta tales como:

Novos filtros, by-pass, baleirado do encoro ou pantano, todo isto para solucionar os problemas que había no núcleo urbano de Guitiriz pois a auga presentaba unha mala calidade debido a súa turbidez dende fai anos e, isto non podía seguir así.

As actuacións que se fixeron permiten, a día de hoxe, melloras no consumo de enerxía, en medio ambiente e sobre todo na calidade da auga que se distribúe por toda a vila.

Mais debido aos problemas acaecidos durante este verán con respecto a turbidez das augas, e máis a súa escasez.

O Pleno da Corporación, cos votos favorables dos grupos PP e BNG e cos votos en contra do PSOE, non acadou a maioría necesaria para a aprobación dos seguintes acordos:

1. Que se tomen medidas oportunas e contundentes para que os veciños non sufran estes problemas.
2. Que a auga ten que ser da máxima calidade e non está sendo, máxime cando está a piques de abrir o Balneario de Guitiriz, que atrae a esta vila e ao seu Concello, miles e miles de persoas durante todo o ano.
3. Que estes problemas que xorden se solucionen canto antes, e non estar esperando a que chegue o verán, e non ocorra o deste ano coas augas turbias.
4. Queremos que haxa formación de persoal, que se especialicen no tratamento da auga e nos pequenos arranxos que houbera que lle facer a propia maquinaria, non arranxos graves, se non arranxos leves, e que en caso de enfermidade, vacacións, etc, sempre haxa unha persoa formada que a poida suplir para palia as necesidades perentorias que poidan xurdir e non ocorra o deste ano. >>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do BNG di que él vai votar a favor porque todo o que se di nela significa preocuparse polo tema da auga neste concello.





## Concello de Guitiriz

---

A Sra. Alcaldesa di que o técnico de medio ambiente é o que supervisa e toma decisións cando hai que tomalas.

A nova estación que vai entrar en funcionamento todavia non esta entregada e o mantemento esta a levalo a cabo a empresa adxudicataria e unha vez que nos entreguen a obra veremos como se fai.

Cando din que “a auga ten que ser de máxima calidade” non sei en que se basean para dicir que non é de máxima calidade, as analíticas que eu teño indican que a auga reúne todas as características que teñen que reunir.

A voceiro do PP di que el non sabe cal é o problema pero o que si sabe é que a xente non podía lavar a roupa por como quedaba despois de lavala e seguimos sin saber cal foi o motivo de que a auga saíse turbia.

Cando se levou a cabo o baleirado do encoro o que se tiña que ter feito e haber sacado toda a lama que había no centro, pero isto non se fixo.

O concello ten que dispor de persoal competente para levar a cabo o mantemento das maquinas.

Esperemos que cando a obra este rematada nos solucione o problema.

O voceiro do BNG di que se a auga é de tan boa calidade e vostede saca bandos prohibindo regar porque no saca un dicindo que se pode consumir.

Gran parte da xente que nos esta escoitando sabe que a auga non está ben polo menos na cor.

A Sra. Alcaldesa reiterase no dito anteriormente.

O voceiro do PP di que eles pídennlle que cando publique un bando poña si a auga é potable e que se pode usar para o consumo.

A Sra. Alcaldesa di que a auga deste concello é potable mentres non se diga o contrario.

**Sometido o asunto a votación e rexeitada cos votos a favor do PP e BNG e en contra do PSOE.**





## Concello de Guitiriz

### Expediente 833/2022. Moción PP para preservar o Patrimonio

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O voceiro do PP da lectura a moción:

<< Don Xosé María Teixido Núñez, Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Guitiriz, ao abeiro do establecido pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 97 do R.D. 2568/1986, de 29 de novembro, presenta para o seu debate e aprobación no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

#### Exposición de motivos

Dende fai uns cantos anos moitos concellos galegos quixeron, e algún o conseguiron, poñer en valor o seu patrimonio cultural, xa fora material como inmaterial, tales como: artístico, monumental, documental, a través do tratamento arquivístico e bibliófilo, urbanístico, a través das súas construcións, xa sexan edificios públicos, privados, relixiosos, como igrexas, capelas, mosteiros, abadías, prioratos, granxas monásticas, cruceiros, etc, e como non, patrimonio forestal, paisaxístico, de natureza, reflectido en ordenanzas que declaren espazos privados de interese natural baseadas na Lei 5/2019, de 2 de agosto, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade de Galicia.

Tamén no Inventario Español do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, lei que ven a substituír a do 4/1989, de 27 de marzo, de conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestre e a súa vez procedía da Lei do 2 de maio de 1975 de Espazos Naturais Protexidos.

A protección do noso patrimonio tamén ben recollida na Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

Pois ben, sendo conscientes da implantación de preservar o noso Patrimonio en liñas xerais e nosos monumentos en liñas materiais do noso Concello, e por iso, en base a Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español e da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 3 fala da colaboración interadministrativa entre a Comunidade Autónoma de Galicia en materia de patrimonio cultural que actuará de acordo cos seguintes criterios:

- Colaboración coa Administración do Estado, coas distintas Comunidades Autónomas e coas entidades que integren a Administración Local na salvagarda do Patrimonio Cultural na súa difusión nacional e internacional, na recuperación dos bens e na súa conservación, fomento e diversidade.
- No seu fomento das accións precisas para garantir o acceso ao Patrimonio Cultural, a súa protección, a súa difusión e a súa investigación e, no seu caso, a súa recuperación.

No artigo 3 titulado Colaboración Administrativa, e no seu punto 2 di: "As entidades que integran a Administración Local (Concellos e Deputacións) en relación cos bens do Patrimonio Cultural de Galicia, que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas seguintes:"

- Protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural





## Concello de Guitiriz

- Adoptar, nos casos de emerxencia, as medidas necesarias para salvaguardar os bens que visen a súa integridade ou valor ameazados
- Comunicar a Xunta de Galicia calquera ameaza, perturbación ou dano cultural que tales bens sufran.

Pois ben, o Partido Popular de Guitiriz en vista de todo e para que se teña en conta, expresamos o seguinte:

Dende fai moitos anos, a ponte medieval de Parga, de estilo gótico que ten máis de quinientos anos de vida material, estivo a mercede, non só de temporais, riadas ou enchendas de auga, etc, se non do abandono, descoido e sobre todo unha morea de fechorías feitas polas propias administración que chegaron a devastar as súas pedras, achantando unha ponte medieval da mesma factura co de San Alberte de Parga, onde perde a súa forma medieval elevada para converterse nunha ponte chaira o estilo romano e perdendo as súas formas medievais.

Máis tarde, no ano 1964 foi ancheado con formigón armado para solucionar o problema acuciante que era a súa estreitez, e isto fíxose así pois era unha época con escasos medios económicos para solucionar o problema do paso dos camións e autobuses de liña que viñan fundamentalmente os días de feira e que tiñan que facer virguerías para poder atravesalo, sobre todo vindo en dirección de Friol a Parga.

Máis todo isto a día de hoxe aínda se puxo peor, pois tanto os camións, moitos deles cargados de moitísimas toneladas de peso e tamén os autobuses son moito máis longos e anchos e por suposto máis grandes que os de fai algúns anos, tamén os coches e incluso os tractores e os seus remolques e xa non digamos da maquinaria pesada que pasa da cotío, e como o espazo quedou tamén mermado, a día de hoxe hai que parar ao carón da capela de San Xosé e San Paio para deixar pasar aos que veñen dende as terras de Friol, e algún teñen que dar marcha atrás para deixar pasar os vehículos que van en dirección a Friol, e vistos os problemas que estamos a ter, como o descoido da ponte por parte da administración, rotura de tallamares, tuberías pegadas a ponte tapando a parte superior dos arcos ojivales, etc.,

O Pleno da Corporación, cos votos favorables dos grupos PP e BNG e cos votos en contra do PSOE, non acadou a maioría necesaria para a aprobación dos seguintes acordos:

1. Arranxar toda a ponte dende a capela de San Xosé e San Paio ata o carón das Casas de Morillo, todo isto dende o punto de vista artístico e monumental, en base a súa historia e estilo, xa que hai fotografías antigas que se conservan e indican como era.
2. Facer unha nova ponte por detrás do muíño e que teña saída unha vez cruzado o río en dúas direccións, unha cara a feira de Parga que enlace coa rúa que vai en dirección a capela de San Xosé e San Paio, e outra que vaia a sair a estrada de Becín e, que ADIF anchee dito paso inferior para dende aí entrar a vila pola Rúa das Canterías, e dende aí tirar cara Guitiriz pola Rúa Santa Lucía en dirección a Pena Moscosa, ou ben saian dende Rúa das Canteiras a Rúa Castelao e desta Rúa da Paz para saír a estrada N-VI ou a autovía do Noroeste ou A-6.
3. Pedir a Patrimonio da Xunta que fagan un pequeno cambio do Camiño de Santiago





## Concello de Guitiriz

do Norte e, que en vez de subir pola Belouchada parta cara a beira do río ata chegar a ponte medieval de Parga e, de aí, entre as antigas Casas dos Morillo, suba ao lugar da Pobra de Parga, o núcleo medieval máis antigo do noso Concello, e isto favorecerá non só a vila de Parga, se non aos propios peregrinos xa que poden contemplar a vila de Parga, pernoctar nela, xantar, cear, e descansar, e todo isto sendo distinto traxecto que vai paralelo a distancia e a mesma, polo tanto hai posibilidades de facelo se todas as administración nos poñemos de acordo.

4. Tamén queremos que se contemple o arranxo dos antigos Pasos no río de Parga, tanto o que se atopa na parroquia de Santo Estevo de Parga no lugar coñecido como Poza da Ola, como o que está no lugar de Prado na parroquia de Santiago de Trasparga que fixo fai moitísimos anos a familia de Dona Alicia Rio, muller do cononel de enxeñeiros Don Ángel Enriquez Dopico-Casariago, que quedou moi dañado e algo esnaquizado cando a Confederación Hidrográfica Miño-Sil contratou unha empresa privada para arranxo e limpeza do cauce do río Parga, e por ignorancia destrozaron gravemente eses pasos nese fermoso paisaxe digno de conservar, onde se pode observar por onde ían as persoas e por onde ían os carros tirados polas vacas ao cruzar o río en época primaveral e estival.
5. O arranxo da ponte correspondeulle a Deputación Provincial de Lugo, xa que esa estrada a LU-20-01 de Friol a Parga pertencelle a esta Administración, e pensamos que deberíase poñer de acordo con Patrimonio da Xunta e co propio Concello de Guitiriz para que cada administración poña o ser grao económico de axuda.

Para finalizar dicirlles co arranxo e moi necesario e, o cambio do trazado do Camiño do Norte tamén e, que o turismo na vila de Parga cos peregrinos e, en Guitiriz co Balneario pódenos achegar a rexurdir aqueles tempos dos anos cincuenta, sesenta e setenta cando as dúas vilas enchíanse de veraneantes chamados aquí co agarimoso nome de augueiros.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do BNG di que aínda no caso de que ao concello lle tocara o euromillon el investiría eses cartos nunha residencia pública para todos os maiores, un auditorio, un complexo deportivo, unha piscina climatizada para que os nenos/as deste concello puideran facer natación sin ter que desprazarse a outros concellos, e como non unha ponte nova para Parga pero cando se trata da colaboración con outras administracións xa sabe que aquí, en Galiza, estamos acostumados as subvencións.

Estamos de acordo que esta ponte medieval de Parga sufriu de todo, aínda non hai moito arranxouse por parte da Deputación e pódese ver como quedou, esta totalmente desgraciada, gustaríanos saber porque se consentiu todo isto. E mellor non retocala e facer unha ponte nova que de mellor servizo a Parga e a súa comarca.

Todo o que solicita na moción é tan concreto que igual non é moi axeitado, por exemplo a construción dunha ponte nova quizais exista unha ubicación mellor que a que se propón neste moción ou modificar a variante do Camiño de Santiago.

Arranxar os pasos do río Parga sería ideal e perfecto pero xa trouxen ao Pleno o arranxo do paso de Torrevela e aínda esta sin arranxar e agora sería o momento idóneo.

Pensamos que esta eivas doadas de arranxar xa non debería de facer falla traelas a Pleno.





## Concello de Guitiriz

Imos votar a favor pero vemos totalmente imposible a corto e medio prazo o que vostedes piden, pero por intentalo que non quede.

A Sra. Alcaldesa di que considerara o terceiro e cuarto punto como un rogo. Seria moi fácil votar a favor sabendo de antemán que non seria posible facer nada por parte do concello polo que imos votar en contra.

O voceiro do PP di que non lle sorprende que voten en contra posto que nestes case catro anos vostedes non votaron a favor de ningunha moción presentada por nós.

Nós si pedimos isto é porque consideramos que é importante para Parga porque si o Camiño de Santiago vai pola beira do río cara a ponte medieval a distancia é a mesma pero o beneficio para Parga é enorme, sobre todo para os negocios de hostalería e para os propios peregrinos.

Os pasos teñen que estar onde estaban e por iso hai que arranxalos, xa sei que non lle corresponde ao Concello de Guitiriz pero vostede ten que pedir dende aquí que os arranxen, tanto o de Prado en Trasparga como os pasos do Poza da Ola en Parga.

A ponte medieval teñen que arranxala posto que é unha parte importante do Camiño de Santiago.

O voceiro do BNG reiterase no dito na intervención anterior.

O voceiro do PP di que a ponte correspóndelle arranxala a Deputación de Lugo. Non podemos esquecer que en Parga hai tres zonas medievais importantes, o lugar da Pobra de Parga, o lugar Ferreira e o lugar de Portopulgo e por riba non están esnaquizados.

A Sra. Alcaldesa di que este equipo de goberno ten pedida unha axuda cun proxecto feito para actuar na Pobra de Parga.

**Sometido o asunto a votación e rexeitada cos votos a favor do PP e BNG e en contra do PSOE.**

Abandona a sesión a concelleira Paula Campo Barral.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

#### ROGOS

##### ROGOS PP

- Rogamos por enésima vez para que se limpe a contorna da nave do Senpa pois supón un perigo para as persoas que alí acoden as distintas actividades, sobre todos para os nenos/as xa que alí se atopa a Escola de Musica e a pista de padel.
- Se limpen os contenedores de lixo en todo o concello, algún desprende un cheiro





## Concello de Guitiriz

nauseabundo.

- Se pinte a estrada de Parga a Friol xa que vén o inverno e coa brétema non se ve nada.

- Arranxen os habitáculos dos contenedores no poligono.

- Arranxen a escola de Pedrafita e a súa contorna, incluída unha nova balaustrada e escaleiras exteriores.

### ROGOS BNG

- Se poñan a funcionar os composteiros que ten habilitados en Parga e Guitiriz antes de que non vaian para o seu uso.

- Non se use a auga da traída para regar xardíns municipais ou facer festas da auga e ao mesmo tempo se prohiba aos veciños/as regar as fincas e xardíns particulares.

- Se elimine a terraza do bar Roda de Parga xa que leva tempo pechado e imaxinamos que non paga ocupación de dominio público.

- Se preocupe para que as bonificacións do transporte público cheguen aos veciños/as do noso concello.

- Se retiren por parte do concellos os enseres que algunhas persoas depositan ao lado dos contenedores porque a longa convértese en vertidos incontrolados.

- Se realice nas canalizacións de saneamento e espazos abandonados, como por exemplo o solar da casa da botica unha desratización ben completa.

- Arranxe, tan sequera, as entradas do aparcadoiro que ten o concello alugado na Rúa Boa Veciña.

## PREGUNTAS

### PREGUNTAS PP

Do Pleno anterior:

-Onde se pretendía facer a residencia de maiores en Parga, quen devolveu os cartos a Comunidade de Montes de Parga, o propietario da finca ou o concello?

Resposta: no concello non hai documentación ningunha desta devolución polo que si quere ter resposta a esa pregunta debера poñerse en contacto coa Comunidade de Montes de Parga ou co propietario do terreo. O Concello non ten nada que ver con iso.

Deste Pleno

-Vai arranxar os taboleiros publicitarios?

Resposta: Si

-Porque hai tantos reparos nas facturas?

Intervén a interventora para dicir que os reparos poden ser porque non se seguiu o procedemento legalmente establecido, porque non había consignación presupuestaria ou ben porque o procedemento carece de algún informe.

Responde a alcaldesa que basicamente se debe a que as veces o equipo de goberno considera que son traballos que hai que facer de forma urxente e lévanse a cabo os mesmos sin que haxa consignación presupostara previa.

-Pódenos dicir si se pagou a factura de pintar a Casa Barxa?







## Concello de Guitiriz

Resposta: A empresa que presentou a factura non era a que tiña adxudicada a obra polo que si a empresa adxudicataria subcontratou esa parte da obra e logo non che pagou o concello non pode facer nada. O concello tenlle que pagar a empresa que ten adxudicada o contrato.

-Cando se van a por en funcionamento os puntos de recarga?

Resposta: Xa están funcionando.

-Porque demandaron tres traballadores/as ao concello?

Resposta: Porque eles consideran que o horario de verán no se concedeu ben pero o noso convenio establece que a xornada de traballo é de sete horas e media e a xornada de verán reducirase nunha hora sobre esa xornada e este verán fixeron seis horas e media.

-Segue a mesma empresa de mantemento de alumeadado publico?

Resposta: Si

-A que se debe a paralización do inicio da obra de soterramento da liña de alta tensión no Campo da Feira, Rúa Manuel Maria e Diaz Castro?

Resposta: Houbo unha modificación no proxecto e entón paralizáronse os prazos para non prexudicar a empresa.

-Cantos voluntarios de protección civil hai no concello a día de hoxe e porque tiveron que vir de outros concellos ao festival de Pardiñas e a ruta dos bteteiros e non había ningún dos voluntarios de Guitiriz?

Resposta: Non sei cantos hai a día de hoxe e veñen de outros concellos para colaborar co noso. Como o seu nome indica son voluntarios e candos se lles pregunta e din que non poden nós non podemos facer nada.

-Cantos cartos se mandaron para Canarias?

Resposta: Ao final resultounos imposible mandalos porque non demos sabido como facelo. Mandamos tres emails a tres organismos distintos para que nos indicaran como facer a donación e non fomos capaces de sabelo.

-A ultima era sobre a desratización, pero xa fixo o rogo o voceiro do BNG?

Resposta: O ano pasado xa se fixo e este ano imos a facelo tamén.

### PREGUNTAS BNG

- Como a auga de traída saia de cor marrón a pregunta é si remataron a obras?

Resposta: Esta sen recepcionar a obra.

- No pleno anterior dixo que non remataran as obras ou actuacións no Curro Vello, díganos se están rematadas e que se mellorou desde o pleno de xullo?

Resposta: Naquel momento faltaban algunhas cousas por poñer pero agora a obra xa esta rematada.

- Porque non se me enviou a documentación que pedín no Pleno de marzo sobre a ferramenta que o concello tivo que entregar ao GES de Friol.

Resposta: Eu mandei que se enviara ao portavoz do PP e do BNG.





## Concello de Guitiriz

- Comentei no pleno anterior que estaban en moi mal estado algunhas das rutas que ten publicitadas, en concreto a ruta do Rio Requeixo, a Ruta da Auga e da Pedra, porque non se limparon si se seguen publicitando?

Resposta: A Ruta do Rio Requeixo a día de hoxe esta limpa de todo e da outra da que me fala non sei agora mesmo como esta.

- Cantas maquinas de traballo están avariadas e sen reparar a dia de hoxe no concello?

Resposta: No taller hai unha desbrozadora do tractor, o tractor e unha furgoneta que tivo un accidente o outro día.

- O Concello fixo algunha xestión para evitar que e o Goberno Estatal elimine a parada do Alsa en Guitiriz?

Resposta: No período que se puideron presentar alegacións presentamos un escrito esixindo que se mantivera.

- No mes de agosto houbo polo menos tres vertidos ao rio dous deles na estación de bombeo Forxa na Estación dos Sete Muiños e outro no rio Requeixo, fixo algo o concello para investigar estes vertidos para que non volvan acontecer?

Resposta: No Rio Forxa houbo un problema cunha das bombas e estívose reparando a semana pasada, había unha válvula de retención que non estaba a funcionar correctamente pero hoxe quedou solucionado todo, do outro non lle podo dicir, pregunto e dígollo.

-En canto a Protección Civil, quería preguntar si xa non existe aqui?

Resposta: A agrupación como tal si existe o que non sei é o numero de voluntarios que ten, pero infórmome e dígollo.

-Dende a Alcaldía estase facendo algunha xestión para a reapertura do consultorio de Parga neste mes de setembro?

Responde o voceiro do PP que despois de moitas chamadas coa Conselleria de Sanidade dixéronme que estiveran preparando o centro para poder abrir a semana que vén.

Responde a alcaldesa, que a ela chamárona para dicirlle que vai haber consulta os días que se fan analíticas, e dicir, dous días a semana pero como é sabido por todos o concello non se conforme con iso.

O voceiro do BNG pon de manifesto que o seu grupo seguira reclamando a actividade que tiña anteriormente o consistorio de Parga.

- O pasado mes de agosto foi a presentación dos GES de Friol e vostede sae na foto. Non lle parece que despois de colaborar coa desfeita deste Grupo de Emerxencias Supramunicipais neste concello que contaba con doce empregados subvencionados casi na súa totalidade é rirse dos empregados e dos veciños/as deste concello?

Resposta: Eu fun en resposta a invitación que nos fixo o concello que hoxe é sede do GES a todos os concellos que van formar parte do ámbito xeográfico dese GES, é dicir cumpriñ coa miña obriga institucional posto que ese GES vai atender aos veciños/as de Guitiriz.





## Concello de Guitiriz

---

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: 75KTLA3FDJN9ZRJD27QFTQ5Y | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 27